



Programa Radiofónico

“A hora de Galicia”

A través da literatura galega conectamos co mundo, as persoas, as culturas e tradicións. A finalidade deste Podcast é achegar a figura de Florencio Delgado ao alumnado, seleccionando aqueles aspectos máis relevantes e significativos da súa vida. Partindo da súa faceta como colaborar de radio xurde a idea de crear nós tamén o programa radiofónico titulado “A hora de Galicia” facendo diferentes conexións con lugares destacados da súa vida.

A finalidade deste Podcast é que o alumnado consolide e acomode os aprendizaxes transmitidos sobre a figura de Florencio Delgado, reforzando as diferentes prácticas comunicativas e traballando distintas habilidades e competencias de maneira transversal con outras áreas, integrando o uso das Novas Tecnoloxías na aula e recursos tecnolóxicos do centro e promovendo o uso da biblioteca de centro coma unha fonte de información.

Contamos coa participación de diferentes dinamizacións do centro coma Normalización Lingüística e TICs, todo o alumnado de 5º de EP (arredor de 100 alumnos), e mestres titores e especialistas. Nas linguas traballabamos os poemas e analizamos a biografía, en plástica elaboramos murais para difundir o traballo feito no centro e en música compuxeron e interpretaron o Poema Salve. Para a instrumentación da obra contamos coa colaboración do alumnado con coñecementos musicais nun instrumento (piano, clarinete, saxo, frauta e pandeireta).

ESCALETA

TEMPO	CONTEXTO	TEXTO	ALUMNADO
	Sintonía Musical		Piano: Adrián (5°C)
7"	Radio Introducción	- Benvidos un día máis o programa radiofónico "A hora de Galicia". Hoxe 17 de maio é un día moi especial para nós, adicamos o día das letras galegas a Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Faremos un percorrido pola súa obra e achegándonos algúns dos lugares máis relevantes na súa vida . Desprazámonos ata Villamartín de Valdeorras, Bos días compañeiro!	Loira (5ºA)
32"	Infancia Vilamartín de Valdeorras	- Bo días, aquí nos atopamos con Luis e Maruxa, uns veciños da zona, que nos comentan que os seus pais coñeceron a Florencio. Que recordos tiñan de Florencio sendo neno? - (Veciño 1) A verdade que aquí por Córghomo non estivo moito tempo xa que aos seis anos a súa familia mudouse a Ourense. Aínda así, sempre mantiveron contacto coa zona por familiares e amigos, a verdade e que o recordamos con moito agarimo. - (Xornalista) Pero e logo, regresou? - (Veciño 2) Claro que sí, de feito estivo moi implicado na vida política e cultural do barrio e mesmo chegou a formar varias asociacións. - (Veciño 1) Oiches e non esquezas que creou unha compañía de teatro e un grupo de canto. - (Veciño 2) É curioso porque o máis coñecido del quizais sexan a súas colaboracións en xornais como a Nosa Terra ou poemas como en Bebedeira que nos adica. - (Veciño 1) Hónrannos estas verbas.	Elsa Rafa Moisés Mencía (5ºA)

		- (Xornalista) Moitas grazas, continuaremos aquí en Valdeorras falando e compartindo anécdotas con máis veciños.	
1'37"	Radio	- Dende Valdeorras ímonos a Valladolid onde nos agarda a nosa compañeira Carmela. Cóntanos Carmela, quen te acompaña?	Loira (5ºA)
1'43"	Universidade Valladolid	- (Xornalista) Bo día, atopámonos co Rector da Universidade de Valladolid onde Florencio estudou dereito, non lle imos preguntar polo expediente damos por suposto que foi un estudante brillante, pero si queriamos que nos contase que importancia ten Valladolid na súa vida. - (Rector) Para explicalo queríamos amosar este exemplar do xornal a Nosa Terra porque a partir del houbo un cambio neste escritor. Aparecen sentimentos como a morriña e desperta o seu interese pola bandeira, himno e literatura galega. Bueno, poderíamos dicir que aquí comeza a súa formación política. - Difícil explicar ese sentimento de morriña que solo coñecemos os galegos!	Lía Iago Marco (5º B)
2'21"	Radio	- Con este bonito sentimento despedimos o rector e a Carmela para preguntarlle a Maruxa dende Barcelona, se ten morriña. Cóntanos que fas por ahí?	Loira (5ºA)
2'29"	Exilio - México	- (Maruxa) Xa sabes que sempre que os galegos saímos da nosa terra aparece ese sentimento!. Pois.... atopámonos concretamente na zona do porto nun barco similar ao Ipanema con Xoán (fillo dun dos case mil exiliados políticos a México) que foi no que embarcou Florencio para exiliar. Cóntanos como lembraba o teu pai esa viaxe? - (Xoán) Foi unha viaxe bastante complicada porque rompeu unha das hélices e además	Candela Ivan Alba (5º C)

		quedaron encaixados nun banco de area, chegaron a México un mes despois. - (Maruxa) Chegaron a un país estranxeiro que aínda que compartían a mesma lingua, os costumes e cultura eran diferentes, como era os primeiros días de emigrante? - (Xoán) Como dato curioso, o primeiro día rexistrábante cun informe para determinar a túa ideoloxía, orixe, estudos... temos aquí a ficha de Florencio: <i>Leer primeira liña: Delgado Gurriarán, Florencio, 35 anos, solteiro.- Nado en Vilamartín (Ourense). Partido Político: Ningún.</i>	
3'28"	Radio	- Atravesamos o Atlántico de volta na nosa terra, onde está Iria, cóntanos onde estás?	Alba (5°C)
3' 33"	Traduccións Biblioteca Juan Compañel	- (Iria) Bueno sabemos que Florencio foi premiado polas súas traduccións ao galego de poesía inglesa e francesa e precisamente Piere e James son dous tradutores que investigan a súa obra dende a biblioteca Juan Compañel no centro Vigo. - (Francés)Good morning! Bonjour! Vos preguntaredes que fan un inglés e un francés inmiscuidos na literatura galega? Pois como xa ven sabedes Florencio traduciu algunhas obras ao galego de autores coma Rimbaud, Valery, Cocteau... coa finalidade de dignificar a lingua galega. - (Inglés) Resultou que ese traballo “Poesía inglesa e francesa vertida ao galego” foi merecedor dun premio no Certame Literario de Bos Aires e incluso foi publicado pola editorial Alborada.	Daniela Daniel Ernesto (5°D)
4'17"	Despedida CEP Dr Fleming	Despedimos este espazo cunha conexión moi especial dende o colexio Dr Fleming na que os nenos e nenas están a conmemorar o día das	Alba (5°C)

		letras galegas recitando e cantando un deses poemas de Florencio.	
4'30"	Interpretación Musical Poema Salve		Clase 5ºA, B, C e D